



**BORRADOR
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
12 DE XULLO DE 2017**

ASISTENTES:

Presidente:

D^a María Ramallo Vazquez

Concelleiros/as presentes:

D^a. M^a. Cristina Acuña G
,onzález

D^a. M^a. Antonia Sanmartín García

D. Antonio Traba Miñones

D. Pablo Novas Caballero

D. Manuel Santos Costa

D. Francisco J. Estévez Salazar

Secretaria:

D^a. Paula Costas Romero.

Ausente:

D^a. M^a José de Pazo Allariz

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día **12 de xullo de 2017**, baixo a presidencia da alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnense os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 5 de xullo de 2017.

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

2.- Contratación.

Expte.: 247/17 .- Aprobación do proxecto de “REFORMA DE PISTAS DE ATLETISMO DE A RAÑA”.

Este concello pretende levar a cabo, a través dun convenio de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, o proxecto denominado “REFORMA DE PISTAS DE ATLETISMO DE A RAÑA”, elaborado polo estudio de arquitectura NAOS ARQUITECTOS SLP, asinado polos arquitectos Santiago González García, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica Fernández Garrido, en maio de 2017, que define e valora as obras a executar.

O proxecto ten como obxecto a intervención na renovación das instalacións de atletismo e a adecuación dun espacio como campo de entramento de porteiros, incluíndo a renovación da instalación de rego do campo, no estadio de San Pedro-A Raña.

Con data 29 de maio de 2017 (Rex. entrada nº. 6.465), presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Marín o proxecto de execución da citada obra, cuxo presuposto total ascende a 309.720,57 € (IVE excluído).

Posteriormente, dito proxecto foi sometido á supervisión dos técnicos municipais.

Con data 27 de xuño de 2017, emítese informe de viabilidade urbanística pola arquitecta municipal, en sentido favorable ao proxecto, no que pon de manifesto que este reúne o contido previsto no artigo 123 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que as obras de reforma interior proxectadas “son autorizables” e non existen afeccións sectoriais, polo que, conclúe: “(...) *Por parte deste departamento pode aprobarse o proxecto (...). Dado o tipo de proxecto que afecta a unha dotación municipal deberá someterse á supervisión do arquitecto técnico municipal D. Ivan Rivas Pallares (...)*”



Con data 7 de xullo de 2017, emitise informe de supervisión favorable polo arquitecto técnico municipal, onde se indica que “(..) A xuízo do técnico que suscribe, o Proxecto de “REFORMA DE PISTAS DE ATLETISMO DE A RAÑA” elaborado polo estudio de arquitectura NAOS ARQUITECTOS SLP, (...) axústase as condicións formais requeridas ó respecto na Lei 3/2011, e polo tanto, resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que **se informa favorablemente ó dito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa** e susceptible de ser executada segundo o contemplado no dito proxecto e seguindo as indicacións que ó respecto sexan impartidas pola dirección facultativa(...) Estando ó ambito de actuación das obras totalmente incluído dentro das instalacións do campo de fútbol municipal de San Pedro, e sendo o obxecto das mesmas a reforma do propio equipamento deportivo existente, a ditas obras poden executarse na parcela ocupada polo mesmo, non sendo precisa a autorización doutros organismos para a súa realización (...)”.

Atendendo ao informado polos técnicos municipais, está acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como do planeamento en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación conferida por resolución da alcaldía de 16/06/2015, (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro. Aprobar o proxecto básico e de execución “REFORMA DE PISTAS DE ATLETISMO DE A RAÑA”, redactado polo estudio de arquitectura NAOS ARQUITECTOS SLP, asinado polos arquitectos Santiago González García, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica Fernández Garrido, con data de maio de 2017, cun presuposto, sen IVE, de 309.720,57 euros.

Segundo. Que o referido documento técnico se incorpore ao expediente de contratación das obras descritas.

Terceiro. Declarar que, de conformidade coa documentación e informes técnicos obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable así como do plan en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Cuarto. Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras, por afectar a un equipamento de titularidade municipal e non son necesarias, licenzas, autorizacións nin concesións administrativas para levar a cabo este investimento, por non existir afeccións sectoriais.

Quinto. Convocar ao redactor do proxecto para que, en cumprimento do disposto no artigo 126 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, proceda ao levantamento da preceptiva acta de trazado previo do proxecto.

3.- Subvencións.

Expte.: 325/16.- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas do acordo de concesión de prórroga para a xustificación da subvención concedida ao Concello de Marín, para “SINALIZACIÓN DO MENHIR DE CURRÁS EN MARÍN”.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra de data 30/06/2017, na que se acorda por unanimidade conceder unha prórroga ata o 30/09/2017, para a xustificación da subvención concedida a este concello, por un importe de 3.924,79 €, para a “SINALIZACIÓN DO MENHIR DE CURRÁS EN MARÍN”.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Expte.: 329/17.- CONSELLERÍA DE SANIDADE. Dación de contas da Orde do 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

Dáse conta da Orde da Consellería de Sanidade, de 26 de xuño de 2017, publicada no DOG



Núm. 129, de 07 de xullo de 2017, mediante a cal se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Expte.: 334/17.- INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO. Dación da contas da Resolución do 3 de xullo de 2017 pola que se convoca, para a anualidade de 2017, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

Dáse conta da Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de 3 de xullo de 2017, publicada no DOG Núm. 131, de 11 de xullo de 2017, pola que se convoca, para a anualidade de 2017, o acceso o Fondo de cooperación para o apoio o financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

URXENCIA: A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguintes asuntos:

Expte.: 25/12-L.U.- D^a MARÍA BENITA DO PAZO PARDAVILA- Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar de PB, PP e B/C, sita no lugar de Areosa núm. 129, Mogor – Marín. Examinado o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a DNA. MARÍA BENITA DO PAZO PARDAVILA licenza de primeira ocupación da vivenda composta de planta baixa adicada a cociña-estar-comedor, 1 dormitorio, 1 baño, zaguán, porche e espazo de conexión con escaleira, vestíbulo e sala; planta primeira distribuída en cuarto do ferro, 3 dormitorios, 3 baños, galería, escaleira e paso, cunha superficie construída total de 283,43 m² (165,17 m² planta baixa + 118,26 m² planta piso), no lugar de Areosa 129, Mogor, todo á vista da constancia no expediente de referencia de:

- Certificado final de obra asinado polo arquitecto técnico D. Marcos Nistal Pérez e polo arquitecto D. Pascuala Rivero Veiga visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de 25/04/17 segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve.

- Visita de comprobación xirada en data de 07/07/17 pola técnico municipal competente, logo da que é emitido informe en data de 10/07/17, en senso favorable á concesión da licenza de primeira ocupación da vivenda sita no lugar Areosa, 129, Mogor, Marín, unha vez revisada a documentación achegada.

A presente licenza de primeira ocupación concédese, segundo o tenor literal e descripción do informe técnico antedito de 10/07/17, da vivenda sita no lugar Areosa 129, Mogor, Marín.

En todo caso a concesión da licenza de primeira ocupación ampara aqueles usos que sexan acordes co planeamento urbanístico.

Expte.: 263/15-L.U.- D. MANUEL JESÚS BARREIRA PAZ- Proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar. Examinado o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a D. MANUEL JESÚS BARREIRA PAZ licenza de obras para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na praza da Veiguiña nº19, mediante o proxecto básico realizado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro visado polo colexio de arquitectos en data 06/05/15 e anexo visado en data 05/11/15, e coas modificacións introducidas no Anexo IV, "Justificación para informe Patrimonio" presentado en data 29/12/16.



Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico de 19/06/17:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo Urbano de Uso Residencial Xenérico con Ordenanza Z.A.C.A.
- b) Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Rehabilitación de vivenda unifamiliar
- c) Contía na que se orzan as obras: 40.739,81 €
- d) Situación e emprazamento das obras: Praza da Veiguiña, núm. 19 - Marín.
- e) Nome ou razón social do promotor: D. Manuel Jesús Barreira Paz.
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: D. José Luis Sanmiguel Guerreiro (Arquitecto).

2.- Condicións específicas: As establecidas na Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 30/05/17, que literalmente dí:

“(…)RESOLVO:

Autorizar a rehabilitación de vivenda unifamiliar, xa que das condicións establecidas na normativa da ordenanza do ZACA non resulta esixible a eliminación de elementos que podan desvirtuar a tipoloxía orixinal do inmovible e non permite a reestruturación que posibilitaría mellorar a integración ambiental e recuperación do carácter do edificio. Non obstante o anterior, calquera movemento de terras deberá contar coa autorización en materia de patrimonio cultural, pola súa posible afección arqueolóxica. (…)”

3.- Condicións xerais:

- **Antes do comezo das obras debe presentar o proxecto de execución para a súa aprobación.**
- **Prazo** para o inicio e finalización das obras: De acordo co artigo 64 das NNUU do PXOM, dado que se trata dunha obra maior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro do ano seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licenza entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso de tres anos sen que se iniciaran as obras, e deberá obterse nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o constructor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as órdenes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.
- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estricta suxeición



ós termos expostos e sen perxuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que poideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.

- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a presente licenza é acto inscribible.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen perxuízo do resarcimento de danos e perxuízos que poidan producirse.

Expte.: 284/16-L.U.- D. JOSÉ MANUEL GARCÍA VÁZQUEZ- Legalización para vivenda baixo cuberta a Piso 3º, Portal 5, Bloque 2 en edificación colectiva pechada. Examinado o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

CONCEDER a D. JOSÉ MANUEL GARCÍA VÁZQUEZ licenza para a legalización de obras para o acondicionamento interior da agrupación de trasteiros A agora ático A, coas seguintes referencias catastrais: 4234930NG2943S0077TG e 4234930NG2943S0079UJ; con cambio de uso de trasteiro a vivenda, no Camiño Cividanes, portal nº 5, 3º A, segundo o proxecto: "EXPEDIENTE DE LEGALIZACIÓN PARA VVDA BAJO CUBIERTA A PISO 3º PORTAL 5 BLOQUE 2 EN EDIF. COLECTIVA CERADA", redactado pola arquitecta Alicia Gómez Bala, visado polo correspondente colexio profesional en data 05/08/2016 e documentación anexa visada en data 14/11/2016.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións xerais:

- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estricta suxeición ós termos expostos e sen perxuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que poideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen perxuízo do resarcimento de danos e perxuízos que poidan producirse.

Expte.: 671/16 (C) – Clasificación de ofertas e requirimento de documentación ao licitador proposto como adxudicatario no expediente de contratación da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL ENTRE A RÚA JAIME JANER E A RÚA RODA", incluída no Plan Concellos 2017.

Visto o expediente tramitado para a contratación da obra "**Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rúa Jaime Janer e a rúa da Roda**", mediante procedemento negociado sen publicidade, con varios criterios de adxudicación de tramitación ordinaria, e atendendo á proposta formulada pola Mesa de contratación na súa sesión do día 12 de xullo de 2017, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Excluir as proposicións dos licitadores "NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U." e "OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.", ao amparo do artigo 84 do Regulamento Xeral de Contratación, ao non acompañar o Plan de Obras xustificativo da redución de prazo ofertada, incumplido a previsión da cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, o que supón que ditas ofertas non se ateen ao establecido no artigo 145.1 do TRLCSP, que preceptúa que: "*As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de*



cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha”.

Dita omisión non é susceptible de corrección, toda vez que o propio prego de cláusulas administrativas particulares, na súa cláusula 15, en relación coa documentación a incluír no sobre B, advirte expresamente: “(...) Faise constar expresamente que a oferta que cada licitador inclúa dentro do sobre non será emendable en ningún caso e, polo tanto, non se outorgará prazo algún para a súa corrección ou emenda.”

SEGUNDO: De conformidade co disposto no artigo 151.1 e 2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, por orde decrecente de puntuación, as CINCO (5) proposicións admitidas no procedemento de contratación da obra “Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rúa Jaime Janer e a rúa da Roda”, tal e como segue:

LICITADOR	Prezo (80 puntos)	Redución prazo (10 puntos)	Ampliación garantía (10 puntos)	Puntuación Prezo (P= 80 * (mellor oferta / oferta a valorar)	Puntuación Prazo	Puntuación Garantía (P=año)	TOTAL
CASAS	133.403,56	39	5	75,65	10,00	7,14	92,80
ORESA	145.464,00	35	7	69,38	8,97	10,00	88,36
NAROM	137.596,76	31	4	73,35	7,95	5,71	87,01
EDISERPO	143.200,00	30	5	70,48	7,69	7,14	85,31
COVSA	140.412,19	5	5	71,88	1,28	7,14	80,30

TERCEIRO: Propoñer a adxudicación do contrato da obra “Humanización da rúa Concepción Arenal entre a rúa Jaime Janer e a rúa da Roda”, á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., con CIF B-36147429, polo prezo e condicións establecidos na súa oferta, así como nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polos que se rexeu a licitación e cuxos parámetros principais son os seguintes:

- Prezo: 161.418,31 € (prezo ofertado sen IVE: 133.403,56 €; 21% IVE: 28.014,75 €)
- Prazo de execución: **vinteún (21) días naturais**, desde a comprobación do replanteo.
- Prazo de garantía **seis (6) anos**, contados desde a recepción das obras.

CUARTO: Requiritr á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., con CIF B-36147429, proposto como adxudicatario ao resultar a súa oferta a economicamente máis vantaxosa, por ser a oferta mellor valorada en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares, a fin de que nun **prazo máximo de dez (10) días hábiles**, a contar dende o día seguinte a aquel en que reciba a notificación do requirimento, presente, de acordo co previsto no art. 151.2 do TRLCSP e na cláusula 22ª do PCAP, a seguintes documentación:

1. **Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social**, de conformidade cos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.
2. **Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia**, de conformidade cos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagos das súas obrigacións tributarias.
3. **Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato**, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.



4. **Certificación positiva de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda do Concello de Marín**
5. **Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE**, constituída por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP (excepto retención do prezo), debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos artigos 55 a 58 do RD 1098/01, incluídos os anexos a que se refiren tales preceptos. De presentarse un aval como garantía definitiva deberá axustarse ao modelo que figura como anexo IV do presente prego.

QUINTO: De acordo ao previsto no art. 151.2 do TRLCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que haxan quedados clasificadas as ofertas.

SEXTO: Notifíquese o presente acordo a todos os licitadores e publíquese no perfil do contratante da páxina web do Concello de Marín.

Expte.:33/17 (Expte. proxecto: 258/15).- VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA. Dación da contas da Resolución de concesión de subvención para o proxecto “Recuperación da praza Banda do Río”.

Dáse conta da resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro do disposto na Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feder) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2017), pola que se concede ao Concello de Marín unha subvención por importe de 26.277,15 € para o proxecto “Recuperación da praza Banda do Río”, que ten un orzamento total de 32.846,44 € (IVE excluído).

As actuacións subvencionadas deberán estar executadas e xustificadas o 31 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda ACEPTAR a subvención concedida e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

4.- Rogos e preguntas.

Non se formularon.

Sendo as 14:30 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero